



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Practicum II	Código	652G02034	
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	36
Idioma	Galego			
Prerrequisitos	Para matricularse no Practicum II é necesario ter superados 120 créditos e mais o Practicum I			
Departamento	Composición Didácticas Específicas Filosofía e Métodos de Investigación en Educación Pedagogía e Didáctica Psicoloxía Evolutiva e da Educación			
Coordinación	Mendez Garcia, Rosa Maria	Correo electrónico	rosa.mendez@udc.es	
Profesorado	Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán Bobadilla Pérez, María Bugallo Rodríguez, Ánxela Carballal Miñan, Patricia Cuevas Gonzalez, Lino Manuel Digon Regueiro, Alba Patricia Fuentes Silveira, María Jesús Garcia Barros, Susana Iglesias Salvado, Jose Luis Magdalena Vidal, Maria Victoria Martinez Losada, Maria Cristina Mendez Garcia, Rosa Maria Mesías Lema, José María Naya Riveiro, Maria Cristina Paz Villasenín, Carlos Isolino de Peñamaría Ramón, Carmen Rivadulla López, Juan Carlos Rodicio Garcia, Maria Luisa Rosa Napal, Francisco César Sandomingo Guntin, Alfonso Soneira Calvo, Carlos	Correo electrónico	uxio.breogan.dieguez.cequiel@udc.es m.bobadilla@udc.es anxela.bugallo@udc.es patricia.carballal@udc.es lino.cuevas@udc.es patricia.digon@udc.es m.j.fuentes@udc.es susana.gbarros@udc.es jose.luis.iglesias@udc.es victoria.magdalena@udc.es cristina.martinez.losada@udc.es rosa.mendez@udc.es jose.mesias@udc.es cristina.naya@udc.es c.de.paz@udc.es carmen.penamaria@udc.es juan.rivadulla@udc.es m.rodicio@udc.es francisco.mapal@udc.es alfonso.sandomingo.guntin@udc.es carlos.soneira@udc.es	
Web	www.educacion.udc.es/index.php?pagina=practicum			



Descrición xeral	<p>CRÉDITOS E PRESENCIALIDADE</p> <p>Dos 36 créditos da materia (900 horas), o 48,8% son de carácter presencial (440 horas) e o 51,2% de carácter non-presencial ou de traballo autónomo (460 horas).</p> <p>Das 440 horas de carácter presencial, 420 horas desenvolveranse nas institucións colaboradoras (30 horas semanais), e as 20 horas restantes dedicaranse a sesións informativas e formativas, así coma a titorías na Facultade.</p> <p>O Practicum II constitúe a única materia a cursar no primeiro cuadrimestre do cuarto curso.</p> <p>CONTEXTUALIZACIÓN</p> <p>No curso 2009/10 iniciabamos o proceso de implantación duns novos plans de estudo acordes cos requirimentos do Espazo Europeo de Educación Superior, posto en marcha no ano 1999 coa Declaración de Bolonia. Esta declaración salientaba a importancia de reforzar o trinomio investigación-innovación-educación, para o que se propoñía como un fin básico mellorar a formación nos contextos das diferentes prácticas profesionais que a nosa lexislación recolle do seguinte xeito:</p> <p>¿Os títulos de grao teñen como finalidade a obtención por parte do alumnado dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional? (art. 9.1), de tal maneira que considera a posibilidade de establecer prácticas externas que virían ¿reforzar o compromiso coa empregabilidade dos futuros graduados e graduadas, enriquecer a formación? [e] proporcionar un coñecemento máis profundo acerca das competencias que necesitará? (preámbulo do RD 1393/2007, de 29 de outubro, de ordenación das ensinanza universitarias oficiais).</p> <p>O propósito central da materia denominada Practicum non será só poñer en relación a formación adquirida cos diferentes contextos profesionais propios da educación do século XXI, para facilitar que o estudantado tome conciencia dos aspectos básicos das prácticas profesionais. Tamén se lle asignará un papel chave na formulación de problemas e cuestións importantes necesarias á hora da investigación, co obxecto de situar a práctica profesional no centro da formación e como elemento para ter en conta na organización do currículo. Trátase de que a reflexión sobre a práctica converta esa experiencia en fonte de aprendizaxe, incrementa a capacidade de aprender con autonomía e potencia a aprendizaxe reflexiva para avanzar na construción do propio coñecemento, tomar decisións, innovar, buscar recursos e traballar en rede, competencias básicas para as novas titulacións de grao que responden ás esixencias da educación do século XXI.</p>
-------------------------	--

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A5	Coñecer as propostas e desenvolvementos actuais baseado na aprendizaxe de competencias.
A9	Analizar a práctica docente e as condicións institucionais que a enmarcan.
A15	Coñecer e abordar situacións escolares en contextos multiculturais.
A16	Deseñar, planificar e avaliar a actividade docente e a aprendizaxe na aula.
A17	Coñecer e aplicar experiencias innovadoras en educación primaria.
A18	Participar na definición do proxecto educativo e na actividade xeral do centro atendendo a criterios de xestión de calidade.
A20	Mostrar habilidades sociais para entender ás familias e facerse entender por elas.
A22	Relacionar a educación co medio, e cooperar coas familias e a comunidade.
A61	Adquirir un coñecemento práctico da aula e da xestión da mesma.
A62	Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación na aula e dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima de aula que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
A63	Controlar e facer o seguimento do proceso educativo e en particular o de ensino-aprendizaxe mediante o dominio das técnicas e estratexias necesarias.
A64	Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro.
A65	Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica.
A66	Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se podan establecer nun centro.
A67	Regular os procesos de interacción e comunicación en grupos de estudantes 6-12 anos.
A68	Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.



B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B8	Capacidade para elaborar discursos coherentes e organizados lxicamente.
B9	Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita.
B14	Capacidade para traballar en equipo de forma cooperativa, para organizar e planificar o traballo, tomando decisións e resolvendo problemas, tanto de forma conxunta como individual.
B15	Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.
B16	Capacidade crítica e creativa na análise, planificación e realización de tarefas, como froito dun pensamento flexible e diverxente.
B17	Capacidade de análise e de autoavaliación tanto do propio traballo como do traballo en grupo.
B18	Compromiso ético para o exercicio das tarefas docentes.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer a organización dos centros en que se imparte educación primaria e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento	A5 A68		
Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro, aplicando un pensamento crítico, lóxico e creativo	A64	B1 B3 B15 B18	C7
Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde e sobre a práctica	A9 A65	B17	C4
Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer nun centro	A17 A66		
Deseñar e planificar unidades didácticas e proxectos de aprendizaxe que atendan ás singularidades educativas do alumnado, á igualdade de xénero , á equidade e ao respecto dos dereitos humanos e do medio	A15 A16 A17 A18	B4 B5 B14 B16 B18	
Adquirir coñecemento practico da aula e da xestión de recursos, espazos, tempos e agrupamentos	A61		
Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación na aula demostrando as destrezas necesarias para favorecer un clima de aprendizaxe e convivencia	A62 A67	B7	
Desenvolver destrezas e estratexias de seguimento e xestión do proceso de ensino e aprendizaxe en contextos de diversidade	A15 A63	B2	
Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social, e desenvolver habilidades de traballo colaborativo e autónomo	A20 A22 A68	B4 B5	
Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro, aplicando un pensamento crítico, lóxico e creativo	A64	B1 B3 B15 B18	C7
Comportarse con ética e responsabilidade social como profesional dun centro educativo		B6 B7	



Saber elaborar discursos coherentes e organizados, así como expoñer ideas de forma oral e por escrito	B7
	B8
	B9

Contidos	
Temas	Subtemas
Incidencia da organización das institucións educativas no funcionamento das aulas de educación primaria	<ul style="list-style-type: none"> - Repercusións na vida das aulas da estrutura e organización do centro - Aspectos do funcionamento do centro a ter en conta á hora da programación docente - Cultura do centro vs. Cultura de aula
A concreción do currículo da educación primaria de acordo coas características dos contextos e das culturas dos destinatarios	<ul style="list-style-type: none"> - Grao de coherencia e contextualización dos diferentes documentos do centro: Decreto de currículo, programación de ciclo e programación de aula. - O currículo como proxecto formativo, integrado e emancipador: as unidades didácticas, os centros de interese, os proxectos de aprendizaxe etc.
A xestión da aula na educación primaria como marco de referencia para un desenvolvemento integral que se constitúa como base da aprendizaxe ao longo da vida	<ul style="list-style-type: none"> - Principios e procedementos didácticos aplicados nas aulas - A integración das culturas escolares e procesos de comunicación emerxentes nas aulas á hora da intervención - Usos críticos dos recursos e materiais curriculares na educación primaria - A titoría (individual/grupal): organización e funcionamento - A avaliación de aprendizaxes: procedementos e instrumentos
As programacións de aula como ferramenta para o desenvolvemento académico e persoal dos nenos/as na etapa de 6-12 anos	<ul style="list-style-type: none"> - A programación didáctica e a súa relación con outros documentos institucionais de planificación académica. - A adecuación da programación didáctica aos contextos e necesidades dos nenos, así como as competencias básicas a adquirir na etapa - Medidas de atención á diversidade a desenvolver no contexto da aula - A avaliación da programación como estratexia de mellora da calidade educativa do centro
A reflexión sobre a práctica realizada (observación e intervención), como ferramenta para a innovación e a mellora	<ul style="list-style-type: none"> - Aspectos do currículo a ter en conta á hora da súa avaliación tanto dende o punto de vista do deseñado coma do desenvolvido - Deseño de técnicas e estratexias de recollida de información para a reflexión sobre a práctica tomando como referencia os discursos dos mestres e dos alumnos - A elaboración de informes científicos portadores de liñas de mellora contextualizadas

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Saídas de campo	420	0	420
Seminario	10	0	10
Portafolios do alumno	0	400	400
Eventos científicos e/ou divulgativos	8	0	8
Análise de fontes documentais	0	60	60
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Saídas de campo	Constitúen as prácticas pedagóxicas: 420 horas de permanencia na institución educativa durante as cales se realizarán tarefas de observación, análise de casos, colaboración en accións educativas cos profesionais da propia institución, etc. Así mesmo realízase o deseño dunha unidade didáctica ou proxecto educativo que se desenvolverá e avaliará na súa totalidade, ou en parte, segundo o determine o titor/a da institución.
Seminario	<ol style="list-style-type: none">1. Sesión informativa inicial (2 horas). Información xeral para comentar e precisar a Guía docente, así como as pautas de carácter xeral, e orientar o alumnado acerca da súa decisión á hora de elixir institución colaboradora. Tamén se explicarán as funcións das diferentes persoas que van a titorizar o Practicum.2. Selección de centro (2 horas).3. Tres seminarios de titoría durante o Practicum co profesorado titor da Facultade (6 horas). <ul style="list-style-type: none">- Antes de incorporarse ao centro de prácticas o profesorado de Practicum, na data que se establecer, orientará o alumnado que titoriza cando menos sobre as seguintes cuestións: documentos que debe incluír no portafolios, lecturas imprescindibles e datas de entrega dos traballos solicitados, cronograma dos seminarios e calquera outra suxestión que estimar oportuna.- Durante a realización do Practicum terá lugar a posta en común do traballo realizado ata o momento polo alumnado asignado a un/ha mesmo/a titor/a co fin de revisar a planificación proposta, formular e resolver as posibles necesidades e/ou conflitos percibidos. Trátase de seleccionar e analizar conxuntamente situacións ou procesos representativos do decorrer da práctica profesional. Tamén se comentarán os textos ou documentos seleccionados para este fin.- Ao finalizar a estadia no centro, de seguimento para responder as dúbidas do alumnado que se titoriza no tocante aos documentos solicitados.
Portafolios do alumno	Ver documento en Anexos
Eventos científicos e/ou divulgativos	O alumnado asistirá a un evento científico e/ou divulgativo de profesionais e expertos no ámbito da Educación Primaria, que presentarán experiencias innovadoras desenvoltas nesta etapa educativa.
Análise de fontes documentais	Empregaranse documentos bibliográficos relevantes sobre os diferentes contidos a que o Prácticum II dá prioridade, como base para a análise e a reflexión sobre a diversidade de experiencias con que se entre en contacto nas institucións educativas. É imprescindible entender a relación teoría-práctica e atender aos múltiples factores que inciden no desenvolvemento da intervención educativa, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das distintas formas de interpretar a realidade educativa. O/a Titor/a da Facultade establecerá as lecturas obrigatorias que considere necesarias para o mellor desenvolvemento do Practicum.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Saídas de campo Seminario Portafolios do alumno Eventos científicos e/ou divulgativos	<p>O titor/a do centro supervisará e orientará o traballo de observación e recollida de información do alumnado durante a súa permanencia no centro.</p> <p>- O/a Titor/a da Facultade realizará un primeiro contacto obrigatorio, previo á incorporación do alumnado ao centro. Este contacto servirá para constatar a recepción da documentación, comunicar a incorporación do alumnado e ultimar os trámites e acordos que foren necesarios.</p> <p>-O/a Titor/a da Facultade realizará os contactos que estime oportunos e necesarios co titor/a do centro durante o período do Practicum para o mellor desenvolvemento do mesmo.</p> <p>Un dos contactos co centro terá obrigatoriamente forma de visita.</p> <p>Alén dos seminarios de seguimento do Practicum, o profesorado titor da Facultade estará dispoñible no horario de titorías.</p>



Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Saídas de campo	O/a titor/a da institución colaboradora realizará a avaliación da implicación e actuación do alumnado no centro/aula.	40
Seminario	O/a titor/a da Facultade avaliará a participación do alumnado nos seminarios cos seguintes criterios: <ul style="list-style-type: none">- Asistencia a todas as sesións presenciais- Calidade das achegas á hora de expresar dúbidas razoables, expoñer ideas enriquecedoras e compartir experiencias de interese etc.	10
Portafolios do alumno	O/a titor/a da Facultade realizará a avaliación do contido do portafolios cos seguintes criterios: <ul style="list-style-type: none">- Capacidade de relación teoría-práctica- Dominio conceptual e capacidade analítica- Capacidade para relacionar ideas e accións- Capacidade de argumentar e fundamentar- Expresión escrita propia e claridade expositiva- Capacidade de descrición de escenarios, situacións e accións- Capacidade de autoavaliación e autocrítica- Orixinalidade da proposta	40
Eventos científicos e/ou divulgativos	O/a titor/a da Facultade avaliará a participación do alumnado evento científico e/ou divulgativo cos seguintes criterios: <ul style="list-style-type: none">- Asistencia a todas as sesións.-Calidade das achegas á hora de expoñer o contido das diferentes sesións así como a pertinencia e madurez das reflexión persoais ao respecto.	10

Observacións avaliación



a) Requisitos para superar a materia:

- Para aprobar a materia será necesario superar os seguintes elementos da avaliación: practicas pedagóxicas e portafolios.

b) Elementos da avaliación que se poden recuperar na segunda oportunidade de avaliación (xullo):

- As practicas non poden recuperarse, polo que a cualificación obtida nas mesmas na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo. Isto supón que un suspenso nas mesmas na oportunidade de xuño implica a non superación da materia.

- Os seminarios e as xornadas non se poden recuperar, polo que a cualificación obtida nos mesmos na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo.

- O portafolios pode recuperarse, polo que o alumnado que non supere o portafolios na oportunidade de xuño terá a ocasión de melloralo para a oportunidade de xullo, conservando sempre as cualificacións dos demais elementos da avaliación.

c) Cualificacións:

- A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas en cada un dos elementos da avaliación segundo o seu peso respectivo.

- No caso de non superar algunha das partes de obrigatoria superación da materia, a nota final será a nota da parte non superada.

- Non realizar as practicas pedagóxicas estando matriculado na materia supón un Non Presentado.

- Non presentar o portafolios tendo as prácticas pedagóxicas superadas supón obter como máximo a cualificación de 4 na materia, que se corresponde con un 10 nas prácticas pedagóxicas.

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndanse os envíos dos traballos telemáticamente, e de non ser posible, nos documentos impresos non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías